

**Acta núm. 2/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 7 de febreiro de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

José Luis Sampedro Bouzas.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 7 de febreiro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 1/2023, DO 17.01.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 5º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 1/2023, DO 17.01.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.01.2023, acta núm. 01/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCIA PUENTES VÁZQUEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Babenzo - Bastavales:

- .- Construír un alpendre de 19 m², en madeira e con cuberta plana, para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva; a 3 metros de tódolos lindeiros.
- .- Construír un peche de zuncho de formigón e reixa metálica por enriba, ata unha altura máxima de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 8223344NH2482S0000DJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,50 metros do eixe do vial.
- .- A parte cega do peche terá unha altura máxima de 1,20 m. de altura e será revestido e pintado.

- A altura total do peche será de 1,80 metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 106,22 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 170,79 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ángel Malvar Larriba, que di actuar en representación de ABEL ALAMILLO GORDO, na que comunica que vai construír un peche con bloques de formigón de cor branca, ata unha altura de 0,60 m., e reixa metálica por encima, no lugar de Quintáns 20, Brión, segundo proxecto de comunicación de obra para peche de parcela asinado polos arquitectos Ángel Malvar Larriba e Borja Sánchez Miranda o 23/06/2022.

A parcela (referencia catastral 5862702NH2456S0001GT e 5862701NH2456S0001YT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1). Ademais a parcela sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego de Bouzas e da conca do rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 05/01/2023 (clave DH.W15.86973), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá axustarse ás condicións particulares impostas na resolución de Augas de Galicia de data 05/01/2023.

- Deberá deixarse libre o espazo de cesión de fronte de parcela de 18,36 m² que se formulou en documento administrativo con data 09/04/2021 e foi aceptado en Xunta de Goberno Local do 20/04/2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 59,12 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,69 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Iago Sánchez Fernández, que di actuar en representación de BEATRIZ PAIS IGLESIAS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras no espazo baixo cuberta da Urbanización Balneario do Tremo 7, 2ªA, Os Ánxeles:

- Instalación de falso teito.

- Reforma do baño.

- Alteración da distribución interior, retirando tabiques, quedando esta planta diáfana.

A edificación (referencia catastral 7649410NH2474N0032IH) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 224,95 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 289,52 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO IGLESIAS BARBAZÁN, na que comunica que vai pintar a fachada da vivenda de Nináns 12, Luaña, en cor branca.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral 0549408NH2404N0001RS), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO1) e sitúase dentro do contorno de protección dun elemento incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como LE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 28.12.2022 (expediente 2344/22), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.
Total: 24,00 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de EVA GÓMEZ NEO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 6, Os Ánxeles, segundo reformado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 17.11.2022 (expediente 2203113).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6747206NH2464N0001UD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao reformado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 17.11.2022 (expediente 2203113).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (59,00 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello

mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 59 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20. a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de xaneiro de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.307,85 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 252,99 euros.

Total: 3.560,84 euros.

CUARTO.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA.

Deuse conta do recurso de reposición presentado con data 21.11.2022 por María Lourdes Peñalver Martínez, que actúa en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, contra a liquidación de tributos aprobada pola Xunta de Goberno Local o 08.11.2022, por importe total de 82,41 €, pola concesión dunha licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de rede de telefonía para dar subministro á vivenda de Guitiande 52, Os Ánxeles.

O 21.11.2022, a interesada presenta recurso de reposición alegando, en resumo, o seguinte:

- Que o réxime de tributación de Telefónica de España SAU, aparece regulado na Lei 15/1987, de 30 de xullo, de Tributación da Compañía Telefónica Nacional de España, e no RD 1334/1988, de desenvolvemento da anterior norma. A dita norma establece que respecto dos tributos locais, a Compañía Telefónica Nacional de España estará suxeita ao Imposto sobre Bens Inmóveis correspondente aos bens de natureza rústica e urbana da súa titularidade, con arranxo á lexislación tributaria do Estado e ás normas reguladoras do devandito imposto (art. 3).

- Que polo que se refire aos restantes tributos de carácter local e aos prezos públicos da mesma natureza, as débedas tributarias ou contraprestacións que pola súa exacción ou esixencia puidesen corresponder á compañía Telefónica de España substitúense por unha compensación en metálico de periodicidade anual (art 4).

- Que a compensación en metálico anual consiste no 1,9 % dos ingresos brutos procedentes da facturación obtida pola empresa en cada municipio e do 0,1 % de dita cantidade bruta de cada provincia.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de intervención, por unanimidade, acorda:

1º) Estimar o recurso de reposición interposto por María Lourdes Peñalver Martínez, que actúa en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, e anular a liquidación de tributos aprobada pola Xunta de Goberno Local o 08.11.2022, por importe total de 82,41 €.

2º) Notificar este acordo á interesada.

QUINTO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

a) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para completar a aliñación do solo urbano consolidado (UC1) de Bastavales, presentado por Jesús Chaves Rivas, que actúa en representación de Servipro Consultores S.L., o 30/01/2023 (r.e. 202399900000110), cuxo promotor é Pablo Vázquez Villar, e asinado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira o 30/01/2023, nas parcelas con referencia catastral 7918905NH2471N0001GS e 7918916NH2471N0001KS, situadas en Sabaxáns, Bastavales.

Visto o informe técnico-xurídico favorable do 02.02.2023, asinado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 29.09.2020 (BOP 08.10.2020), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento Estudo de detalle para completar a aliñación do solo urbano consolidado (UC1) de Bastavales referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do Concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González